



RECEPCIÓN	M/REF	NOTIFICACIÓN
29-02-2024	59	1-03-2024

Asociación Eleuteria

NIF G677202243

asociacion@asociacioneleuteria.org

Procedemento: PR100A Acceso a información pública

Asunto: Requirimento

En relación a súa solicitude que tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia con data do 25.01.2024 (número de entrada 2024/239173), cómpre sinalar o seguinte:

Entre outras preguntas, formula vostede no seu escrito a seguinte:

5º Hai algunha outra empresa farmacéutica que faga doazóns a esta consellería e as entidades dependentes desta? En caso afirmativo solicitamos que se nos diga en que data e que cantidade foi aboada, que empresa farmacéutica a realizou e en que se investiu a doazón?

O exercicio do dereito ao acceso a información pública non admite a formulación de preguntas xenéricas senón que exige que identifique suficientemente a información solicitada, é dicir, que se concrete o obxecto da súa petición. Por este motivo, aos efectos de poder responder a súa petición é preciso que especifique vostede a identidade de cada unha das empresas ás que se refire na súa pregunta.

Polo exposto, **requíreselle** para que no prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte a aquel no que reciba este escrito, **achegue a seguinte documentación:**

un escrito no que relacione todas aquelas empresas farmacéuticas sobre as que desexe saber se teñen feito algunha doazón a esta consellería ou entidades dependentes desta.

Este requirimento faise en virtude do disposto polo artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante LPAC) e infórmaselle do seguinte:



1º A formulación deste requirimento suspende o prazo máximo para resolver e notificar a resolución polo tempo que medie entre a notificación deste requirimento e o seu efectivo cumprimento por vostede, ou, no seu defecto, polo do prazo concedido, en virtude do disposto polo artigo 22 da LPAC e sen prexuízo do previsto polo xa citado artigo 68.

2º No caso de que non envíe vostede a documentación requirida para emendar a súa solicitude, teráselle por desistido da solicitude de información realizada nesa pregunta concreta e a resolución pronunciarase unicamente respecto das demais preguntas formuladas no seu escrito, de acordo co sinalado polo artigo 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data sinalada na súa marxe

M^a Jesús Piñeiro Bello
Directora Xeral de Recursos Económicos
Servizo Galego de Saúde

